

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO. CURSO 2020-2021

De acordo co artigo 47 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (DOG núm. 188, do 16 de setembro de 2020) e coa Normativa de Concesión do Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela aprobada polo Comité de Dirección da súa Escola de Doutoramento Internacional na reunión do 5 de xullo de 2022, convócanse os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2020/2021, por acordo da Comisión Executiva desta Escola do 13 de outubro de 2022.

1. Destinatarios/as e requisitos que deben cumprir os/as doutores/as que aspiren ao Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela

- 1.1 Son destinatarios/as os/as doutorandos/as cuxa tese fose defendida na Universidade de Santiago de Compostela no curso académico 2020-2021, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2020 ao 31 de agosto de 2021.
- 1.2 Os requisitos para concorrer a esta convocatoria son, en relación coa tese defendida:
 - Que fose cualificada polo tribunal como “sobresáinte”
 - Que se lle outorgase a mención “Cum Laude”
 - Que conte cunha puntuación igual ou superior a 12.

2. Distribución e número de premios extraordinarios

- 2.1 Os solicitantes poderán optar ao premio extraordinario nunha das catro grandes áreas de coñecemento: Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas; Artes e Humanidades.
- 2.2 Relación de solicitantes que poden optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela, clasificados por grandes áreas de coñecemento e *subáreas*, publícase como **Anexo I** a esta convocatoria no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible o enlace ao devandito anuncio.
- 2.3 Tendo en conta a listaxe anterior e o artigo 4 da Normativa de Concesión de Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela, o número de premios a conceder nesta convocatoria por *subárea* é o indicado no **Anexo I** desta convocatoria que suma un total de **34** posibles premios, distribuídos polas catro grandes áreas do seguinte xeito:

| | |
|------------------------|---------------|
| Nº posibles candidatos | Nº de premios |
|------------------------|---------------|

ARTES E HUMANIDADES

| | | |
|------------------------------------|-----------|----------|
| Filosofía, Filoloxía e Lingüística | 25 | 3 |
| Historia, Xeografía e Artes | 18 | 2 |
| Total Artes e Humanidades | 43 | 5 |

CIENCIAS E ENXEÑARÍAS

| | | |
|------------------------------------|-----------|-----------|
| Bioloxía e Ciencias da Natureza | 15 | 2 |
| Enxeñarías | 11 | 2 |
| Física | 12 | 2 |
| Matemáticas | 7 | 1 |
| Química e Tecnoloxía Química | 31 | 4 |
| Total Ciencias e Enxeñarías | 76 | 11 |

CIENCIAS DA SAÚDE

| | | |
|--------------------------------|------------|-----------|
| Ciencias da Saúde | 104 | 11 |
| Total Ciencias da Saúde | 104 | 11 |

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

| | | |
|---|-----------|----------|
| Ciencias da Educación e a Comunicación | 26 | 3 |
| Dereito e Ciencias Políticas | 12 | 2 |
| Economía | 8 | 1 |
| Psicoloxía | 6 | 1 |
| Total Ciencias Sociais e Xurídicas | 52 | 7 |

| | | |
|--------------------|------------|-----------|
| Total xeral | 275 | 34 |
|--------------------|------------|-----------|

3. Presentación de solicitudes

3.1. Prazo de presentación de solicitudes: o prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria. No caso de querer solicitar de maneira xustificada un cambio de área ou *subárea*, deberá indicalo no propio formulario de sede electrónica. O cambio efectivo precisará da aprobación da Comisión Executiva da EDIUS.

3.2. Lugar de presentación: as solicitudes, xunto coa documentación xustificativa asociada, dirixiranse ao director da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) e presentaranse a través da sede electrónica da USC no formulario establecido ao efecto no enderezo <https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/premioDoutoramento.htm>

- Para poder efectuar a solicitude é necesario a identificación a través dalgún dos seguintes medios: credenciais da USC, certificados persoais admitidos na plataforma de validación de @firma, certificados incluídos no DNI electrónico, claves concertadas do sistema Cl@ve, ou mediante credenciais de servizos de identificación de terceiros de ampla difusión nas relacións electrónicas. En ningún caso se aceptarán solicitudes ou documentación xustificativa asociada recibidas por correo electrónico ou mediante empresas de mensaxería.

- En ningún caso se aceptarán solicitudes ou documentación xustificativa asociada recibidas por correo electrónico ou mediante empresas de mensaxería.
- A efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida na solicitude na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a variación ou actualización posterior dos méritos contidos na solicitude. No caso de presentar máis dunha solicitude só se terá en conta a última presentada.

3.3. Publicación da relación provisoria de candidatos/as admitidos/as: finalizado prazo de presentación de solicitudes, a relación provisoria de candidatos/as presentados xunto coa asignación da grande área e subárea á que concorre publicarase no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible o enlace ao devandito anuncio.

3.4. Alegacións á relación provisoria de candidatos/as admitidos/as: fronte á relación provisoria poderanse interpoñer alegacións polos interesados nun prazo de 10 días hábiles desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC.

3.5. Publicación da relación definitiva de candidatos/as admitidos/as: finalizado este prazo e valoradas as alegacións, publicarase no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC a relación definitiva de candidatos/as presentados, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible o enlace ao devandito anuncio. Fronte a publicación da relación definitiva de candidatos/as non caberá recurso.

4. Méritos avaliáveis

Segundo o establecido nos puntos 8 e 9 da Normativa de Concesión de Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela o procedemento de avaliación e concesión dos premios extraordinarios rexerese polo seguinte:

4.1. Avaliación das solicitudes

- O/a presidente/a de cada Comisión de Avaliación, no prazo de 15 días naturais desde o día seguinte ao fin do prazo de presentación de solicitudes, realizará a convocatoria da sesión do tribunal. As comisións de avaliación realizarán unha puntuación provisional das teses admitidas en cada *subárea* temática que lles compete segundo os criterios recollidos no **Anexo II** desta convocatoria, considerando exclusivamente os méritos alegados, e elaborarán unha relación provisoria de concesión. Esta proposta axustarase ao número máximo de premios establecido por cada *subárea*. Cada Comisión de Valoración poderá propor que as mencións do premio queden desertas, total ou parcialmente.
- As puntuacións provisionais obtidas polos solicitantes e a relación provisoria de concesión dos premios extraordinarios publicaranse no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio. Os interesados disporán dun prazo de 10 días hábiles para efectuar alegacións as súas puntuacións provisionais fronte ás comisións de valoración.
- As comisións de valoración, no prazo de 15 días naturais desde a data de fin do prazo de presentación das alegacións, reuniranse para valorar as alegacións recibidas, e elaborarán un informe onde recollan o acordado en relación a estas. Valoradas as alegacións, as comisións de valoración realizarán unha **proposta definitiva de concesión dos premios extraordinarios**.
- Os acordos das comisións de valoración, incluído o/s informe/s ás alegacións recibidas,

xunto coa **proposta definitiva de concesión de premios extraordinarios**, publicaranse no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio. Os/as interesados/as entenderán contestadas as súas alegacións con esta publicación.

4.2. Resolución

- A EDIUS, a través da Comisión Executiva, e unha vez revisada toda a documentación, elevará a proposta definitiva á Secretaría Xeral, para a súa tramitación perante o Consello de Goberno, que resolverá a convocatoria. O acordo de resolución do Consello de Goberno de concesión destes premios publicarase no Taboleiro de Anuncios Electrónico da USC e tamén na páxina web da EDIUS.
- Contra este acordo de resolución do Consello de Goberno, os interesados poderán presentar recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a súa publicación. Non poderá presentar recurso ningunha persoa interesada que non presentara alegacións proposta provisoria de concesión dos premios extraordinarios.
- O Servizo de Xestión Académica, unha vez notificado o acordo de resolución pola Secretaría Xeral da USC, será o encargado de notificar ao interesado/a a concesión definitiva do premio e de incorporalo no seu expediente, así como de tramitar, a petición do interesado/a, a devolución dos prezos públicos pagados para a expedición do título de doutor/a.
- A efectos de constancia e publicidade, a EDIUS disporá dun rexistro de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.

5. Recursos

Contra a presente convocatoria e os seus anexos poderá interpoñerse recurso de alzada perante o reitor da USC, no prazo dun mes desde o día seguinte da súa publicación na sede electrónica da USC.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2022

O Director da Escola de Doutoramento Internacional da USC

Pablo Taboada Antelo

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/10/2022 13:12:39.

CSV: E552-46AA-491F-917D